

**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE  
DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO**

**Lugar:** Sala de Xuntas de Posgrado e Sala virtual nº 14 da EIDO no Campus Remoto

**Data:** 4 de novembro de 2025

**Hora de comezo:** 12:00 h

**Hora de remate:** 13:30 h

**ASISTENTES**

Antonio Collazo Fernández (director da Eido), presidente

Ignacio Pérez Juste (subdirector da Eido), secretario

María Asunción Longo González (responsable de calidade dos PD do ámbito Enxeñaría e Arquitectura)

Pedro Pablo Gallego Veigas (responsable de calidade dos PD do ámbito Científico)

José Luis Gómez Reboiro (xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao)

José Miguel Dorribo Rivera (técnico superior de calidade da Área de Calidade)

## ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores
2. Informe da presidencia
3. Validación, se procede, das seguintes modificacións dos procedementos do SGC:
  - Xestión Académica
  - Promoción e Captación
  - Xestión da Documentación
  - Dirección estratéxica: Comunicación e Proxección Social
  - Avaliación da satisfacción e inserción laboral
  - Xestión do Persoal: Actualización dos formularios
4. Validación, se procede, da modificación do catálogo de indicadores do SGC
5. Seguimento do Plan de Actualización e Mellora do SGC
6. Seguimento do deseño da medición da satisfacción: Análise de expectativas
7. Validación, se procede, da modificación do Código de boas prácticas da EIDO
8. Rolda aberta de intervencións

## DELIBERACIÓNS

### 1. Aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores

Apróbanse por asentimento a acta das sesións da Comisión de Calidade da EIDO do 27 de xuño de 2025.

### 2. Informe da presidencia

O subdirector da EIDO informa de que, con data de 17 de xullo, a Universidade de Vigo solicitou formalmente a ACSUG a certificación da implantación do SGC da EIDO. A previsión é que, cara o final de ano, poida producirse a visita de avaliación e obter no primeiro trimestre do ano 2026 a certificación. De ter éxito, a continuación, solicitaríase a acreditación institucional da EIDO.

En canto a situación dos programas de verificación, acreditación, modificación e seguimento, o subdirector tamén informa da recepción dos informes favorables emitidos pola Consellería de Educación da Xunta previos ao envío á verificación das modificacións substanciais dos programas de doutoramento. Estas memorias subiranse á aplicación do ministerio para a posterior avaliación da ACSUG. A previsión é a implantación dos títulos modificados para o

curso 2026/2027. Por outra banda, polo momento, aínda non hai información sobre os informes de seguimento tramitados en xuño. Por último, atópase a piques de rematar o período de alegacións a declaración de interese para a verificación dun novo programa en Física, Computación e Aeronáutica.

O subdirector da EIDO tamén informa brevemente de que segue o traballo no Plan de Actualización e Mellora do SGC e as novidades e modificacións trataranse con detalle no punto 5 desta comisión.

Finalmente, o subdirector da EIDO informa da posta en marcha definitiva da nova páxina web da EIDO. Nesta punto, o profesor Pedro Pablo Gallego suxire que se debe seguir traballando na súa versión en inglés para favorecer a internacionalización da escola.

### **3. Validación, se procede, de modificacións dos procedementos do SGC:**

O subdirector da EIDO e o técnico da Área de Calidade Miguel Dorribo presentan as modificacións de varios procesos do SGC do Proceso de Formación de Investigadores dentro do proceso de Actualización e Mellora do SGC da EIDO. Os procesos modificados e os principais cambios de cada un, nos que se teñen incorporado as achegas feitas polos grupos de interese durante o proceso de exposición pública do mesmo, son:

#### **\* Proceso Xestión Académica:**

- Cambio do responsable do proceso (Xefe Servizo de XE Posgrao)
- Indicadores: intégrase IPD13 Estudiantes por liña e remóvense o IPD1 Oferta, IPD2 Demanda, IPD3 Estudiantes de novo ingreso, IPD5 Novo ingreso doutras universidades, IPD7 Novo ingreso con complementos formativos e IPD12 Novo ingreso por perfil (pasan a Promoción)
- Sepárase a fase de promoción e captación de estudantes

#### **\* Proceso Xestión Académica - Procedementos:**

- Admisión (ind 01)
  - Precisións sobre requisitos de acceso e criterios de admisión
  - Suprímese a fase de promoción e captación
- Atención e orientación (ind 01)
  - Actualización dos servizos prestatarios de atención e orientación
  - Precisións sobre as actividades de orientación profesional
- Certificación dos estudos (ind 01)
  - Novo procedemento por separación do anterior de Atención e Orientación

#### **\* Proceso Promoción e captación:**

- Novo proceso por escisión de Xestión Académica
- Indicadores: integra os mencionados IPD1, IPD2, IPD3, IPD5, IPD7e IPD12
- Promoción e captación de estudantes (ind 01)
  - Novo procedemento por separación do anterior de Admisión

Formalización dun plan de promoción e captación institucional (Vicerreitoría de Estudantado e Empegrabilidade en colaboración coa Vicerreitoría de Internacionalización)

\* Proceso Xestión da documentación:

- Cambio do responsable do proceso (Xefe Servizo de XE Posgrao)
- Control dos documentos (ind 01)
  - Precisións sobre o rol da Comisión de Calidade na fase de aprobación e aplicación dos procedementos e anexos (formularios)
  - Precisións sobre o control das actualizacións dos anexos (formularios): data
  - Precisións sobre os destinatarios da difusión dos procedementos
  - Posta ao día do anexo 1 (modelo de diagrama de fluxo)
- Control dos rexistros (ind 01)
  - Precisións sobre as responsabilidades da xestión dos rexistros nos repositorios (aplicación do SGC)
  - Modifícase o anexo 1: a táboa de rexistros substitúese cunha Guía da aplicación do SGC

\* Proceso Dirección estratéxica:

- Integra este novo procedemento (antes no proceso Información Pública e Rendemento de Contas, que desaparece)
- Comunicación e proxección social (ind 01)
  - Cambio de nome do procedemento (antes Información Pública e Rendemento de Contas)
  - Inclúe agora a estruturación da Comunicación e Proxección Social da Eido (responsabilidades e metodoloxía de desenvolvemento)

\* Proceso Avaliación e mellora:

- Indicadores: remóvese o IPD20-3 Egresados con financiamento post-doutoral (pasa a Xestión da Infraestrutura)
- Avaliación da satisfacción e inserción laboral (ind 01)
  - Precisións sobre as responsabilidades e metodoloxía para a análise de expectativas dos grupos de interese da Eido
  - Precisións sobre as responsabilidades na análise dos resultados de satisfacción (nivel Eido + nivel CAPDs)

\* Proceso Xestión de persoal:

- Actualización dos formularios (Persoal docente): Actualización de contidos e imaxe institucional dos formularios

Tras a revisión dos cambios e a documentación, a Comisión de Calidade validou por asentimento as novas versións dos procesos do SGC.

#### 4. Validación, se procede, da modificación do catálogo de indicadores do SGC

O subdirector da EIDO e o técnico da Área de Calidade Miguel Dorribo presentan sobre a modificación do catálogo de indicadores do SGC, proceso relacionado co Plan de Mellora do SGC. As principais modificacións de catálogo son:

\* Modificacións principais do catálogo:

- Actualización e re-definición do catálogo:
  - Nova denominación: Catálogo de indicadores de doutoramento.
- Inclúese unha introdución.
- Estrutúranse os indicadores por áreas temáticas
- Harmonízanse as denominacións e fórmulas de cálculo coas do SIIU
- Precisións nos indicadores (IPD9, IPD10, IPD11, IPD15, IPD18, IPD19 e IPD20)
- Inclusión da Taxa de graduación (IPD21) e da Taxa de abandono (IPD22) segundo o modo de cálculo do catálogo SIIU
- Incorporación de indicadores de procesos. Inclusión da Taxa de éxito VSMA (IPD23)
- Incorporación de indicadores de sostibilidade (ODS) e indicadores do programa HR Excellence in Research, aspecto no que estes indicadores son pioneiros.

A previsión é que estes indicadores poidan obterse por primeira vez cos datos do curso 2024/2025, aínda que dependerá da colaboración e dispoñibilidade da Unidade de Estudos e Programas e os servizos informáticos da universidade. Tras a revisión de catálogo, Comisión de Calidade validou por asentimento a nova versión do catálogo de indicadores de doutoramento.

#### 5. Seguimento do Plan de Actualización e Mellora do SGC

O subdirector da EIDO e o técnico da Área de Calidade Miguel Dorribo fan unha breve revisión histórica do Plan de Actualización e Mellora do SGC dende a súa proposta ata as distintas etapas nas que se foron modificando sucesivamente varios dos procesos do sistema. As últimas etapa destas modificacións son as incluídas no punto 3 desta comisión e modificacións pechan este plan xa que, excepto os procesos de Xestión das Persoas e de Xestión de Infraestruturas, todos os demais procesos foron actualizados (estes último procesos quedan pendentes de aprobación definitiva nun vindeiro Comité de Dirección).

Á vista do desenvolvemento deste Plan de Actualización e Mellora, a Comisión de Calidade considera que estas modificacións do SGC están efectivamente implantadas.

#### 6. Seguimento do deseño da medición da satisfacción: Análise de expectativas

O subdirector da EIDO e o técnico da Área de Calidade Miguel Dorribo informan de que unha das actividades incluídas na ficha do Proceso de Avaliación e Mellora pendente de desenvolver é a identificación das expectativas e necesidades dos grupos de interés da EIDO,

que debe facer, polo menos, unha vez en cada ciclo de enquisas. Para levar a cabo esta identificación propónse engadir dúas preguntas adicionais nas enquisas ao alumnado previstas para realizarse nun mes, e empregar un sistema similar nas vindeiras enquisas ao PDI e ao PAS.

*- Por favor, indique se considera que se debera engadir no cuestionario a valoración dalgún elemento ou aspecto relevante para vostede / para o estudiantado*

*- Por favor, indique se considera que se debera eliminar do cuestionario a valoración dalgún elemento ou aspecto que non é relevante para vostede / para o estudiantado*

O profesor Pedro Pablo Gallego manifesta o seu acordo coa proposta e suxire tamén a conveniencia de incluír preguntas adicionais sobre conflictividade, benestar ou aspectos de saúde mental durante a realización do doutoramento. A Comisión considerou interesante esta proposta e o subdirector da EIDO indica que tentará plantexarse para o vindeiro ciclo de enquisas.

## **7. Validación, se procede, da modificación do Código de boas prácticas da EIDO**

O director da EIDO presenta a modificación do Código de Boas Prácticas da EIDO que xurde como consecuencia da necesidade de adaptar o actual Código de Boas Prácticas durante a realización da tese ao Artigo 9.8, do RD 99/2011, de 28 de xaneiro, modificado polo RD 576/2023 do 4 de xullo, polo que se regulan as ensinanza oficiais de doutoramento e ao Artigo 10 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Vigo. Ademais dos cambios normativos, esta nova versión inclúe aspectos especialmente significativos como a intelixencia artificial e integra boas prácticas de investigación e doutoramento nas que participa a EIDO. Por último, este Código de Boas Prácticas representa o compromiso da EIDO para progresar no aliñamento da nosa estratexia cos principios desenvolvidos a través do programa HRS4R, en particular no referente ás persoas investigadoras na súa fase inicial. O director tamén informa de que antes da súa presentación fronte a Comisión de Calidade, esta proposta de código xa foi obxecto de comentarios e melloras varios coordinadores de programas de doutoramento e será posteriormente sometida á aprobación da Comisión Permanente e do Comité de Dirección da EIDO.

Tras esta presentación e un breve debate, a Comisión de Calidade acordou por asentimento validar positivamente a modificación presentada do Código de Boas Prácticas da EIDO.

## **8. Rolda aberta de intervencións**

Non hai.

---

**ACORDOS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EIDO – 4/11/2025**

1. Validación das seguintes modificacións dos procedementos do SGC:

- Xestión Académica
- Promoción e Captación
- Xestión da Documentación
- Dirección estratéxica: Comunicación e Proxección Social
- Avaliación da satisfacción e inserción laboral
- Xestión do Persoal: Actualización dos formularios

2. Validación da nova versión do Catálogo de Indicadores de Doutoramento

3. Validación das preguntas adicionais nas enquisas para a análise das expectativas dos grupos de interese da EIDO

4. Validación no novo Código de Boas Prácticas da EIDO

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario,

Visto e prace  
O presidente